



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**MESA DE CAMPAÑA DE RENDA**

No día de hoxe tivemos a primeira toma de contacto para a posta en marcha do Acordo de Campaña de Renda para este ano 2017.

Á reunión asistiu o Director do Departamento de Xestión Tributaria e, como sucede na primeira xuntanza de cada campaña, expuxéronse unha serie de datos estatísticos relativos ao ano 2016 entre os que destacamos que o ano pasado fixéronse un 10,8% máis de declaracións, houbo un descenso do 10% na utilización do programa PADRE e un incremento do 16% na RENTA WEB. En Galicia participaron na Campaña un total de 335 persoas.

En canto ás **novidades salientables** que nos fixeron chegar para este ano están as seguintes:

- Habrá un novo procedemento de rectificación de autiliquidacións, o contribuinte poderá xenerar unha nova declaración importando datos da xa presentada, modificala e presentala de xeito telemático.

- Poñeráse en marcha un programa piloto de servizo de 'chamadas salientes' que funcionará do seguinte xeito: no caso de que non houbera citas libres para o día que pida o contribuinte ofreceráselle a posibilidade de chamar por teléfono e realizar nese momento a declaración, sempre e cando teñan un perfil determinado. Este servizo funcionará entre o 15 de maio e o 15 de xuño.

- Se o servizo de cita previa estivera colapsado derivarase a chamada a un servizo de atención **automático** con 800 liñas de atención. A primeira semana o servizo de atención telefónica realizada polos compañeiros reforzarase con 100 postos adicionais.

- Mellórase a incorporación de datos fiscais e, en canto a formación, amplíase a duración dos cursos nun día máis, con casos prácticos de todo tipo, coa posibilidade de utilizar números de NIF ficticios e prácticas no ordenador sen necesidade de certificado.

Datos relevantes da Campaña de Renda:

5 de abril : inicio da renda WEB

4 de maio: ábrese a cita previa

11 de maio: inicio da campaña presencial coa casilla 440 da renda do 2015

26 de xuño: fin da posibilidade de domiciliación

29 de xuño: peche do servizo de citas

30 de xuño: remate da campaña

Comentáronnos tamén que o horario das plataformas será de 8:30 a 14h e 15:30 a 18:30. Pedimos que se cumpra o horario, para iso está, aumento de retribucións, que se respeten os módulos e un aumento do prezo por hora, seguimento da campaña e mais formación. Non houbo proposta económica da AEAT, pois hoxe era unha primeira toma de contacto sen máis percorrido. Quedamos pendentes dunha nova convocatoria para negociar as condicións da Campaña de renda do 2016.

SEGUIREMOS INFORMANDO